



INSTITUTO  
GALEGO DE  
ESTADÍSTICA



# INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Decembro 2022

Santiago de Compostela, 07 de febreiro de 2023


Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Índice de producción industrial (IPI). Decembro 2022

- O Índice de producción industrial (IPI) rexistrou en decembro de 2022 un retroceso do 1,0% con respecto a decembro de 2021 en Galicia, mentres que a nivel nacional rexistrouse unha caída do 3,4%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo caeron un 17,2% e os bens intermedios un 17,3% mentres que os bens de equipo subiron un 15,2% e a enerxía un 20,9%.
- Por ramas de actividade as achegas negativas mais destacables corresponden a “metalurxia” que resta 2,7 puntos, a “industria da madeira e da cortiza” que resta 1,8 puntos, a “confección de roupa de vestir” que minora 1,7 puntos e a “industria da alimentación” que resta 1,5 puntos á taxa interanual.
- Polo contrario, entre as que mostran maiores achegas positivas destacan: a “producción de enerxía eléctrica”, que suma 4,7 puntos e a “fabricación de vehículos de motor”, que engade 2,5 puntos á taxa interanual.
- Na media do ano 2022, a produción industrial retrocedeu un 1,5% en Galicia. Os bens de consumo creceron un 1,4% e os bens de equipo un 3,1% mentres que os bens intermedios retrocederon un 5,1% e a enerxía un 6,0%.

### Índice de producción industrial (IPI). Decembro 2022

Taxa de variación do índice xeral e achegas dos componentes en %



	Índice	VARIACIÓNS (%)	
		Interanual	Media 2022
Xeral	101,6	-1,0	-1,5
Bens de consumo	100,2	-17,2	1,4
Bens de equipo	101,2	15,2	3,1
Bens intermedios	91,9	-17,3	-5,1
Enerxía	112,3	20,9	-6,0

## 1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de decembro de 2022 en Galicia rexistrou un retroceso do 1,0% en taxa interanual, empeorando en 1,6 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (0,7%). En España, rexistrouse un retroceso do 3,4%, empeorando en 2,0 puntos a taxa acadada no mes anterior (1,5%).

Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo caeron un 17,2% e os bens intermedios un 17,3% mentres que os bens de equipo subiron un 15,2% e a enerxía un 20,9%.

No conxunto do ano 2022, o índice rexistra unha caída do 1,5% en Galicia fronte a un incremento do 2,4% no conxunto de España.

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na media do ano é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un crecemento do 1,4%, o que repercute 0,4 puntos positivos na taxa interanual.
- Os **bens de equipo** rexistran unha taxa do 3,1%, o que achega 0,7 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** baixan un 5,1%, cunha repercusión negativa de 1,5 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que cae un 6,0% e resta 1,2 puntos á taxa de variación do conxunto.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

## 2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

Atendendo ás distintas ramas industriais o decrecemento interanual en decembro do 1,0% débese principalmente á achega negativa (-10,5 puntos) de 15 ramas; as principais foron: “metalurxia” que resta 2,7 puntos, a “industria da madeira e da cortiza” que resta 1,8 puntos, a “confección de roupa de vestir” que minora 1,7 puntos e a “industria da alimentación” que resta 1,5 puntos á taxa interanual.


No que respecta ás repercusións positivas destacan as seguintes ramas: “produción de enerxía eléctrica”, que suma 4,7 puntos e a “fabricación de vehículos de motor”, que engade 2,5 puntos.

No **conxunto do ano 2022**, o índice decreceu un 1,5% en Galicia, taxa inferior en 3,9 puntos á do conxunto do Estado (2,4%). Esta diferenza negativa para Galicia no ano 2022 explícase principalmente polo peor comportamento en Galicia da “producción de enerxía eléctrica”, “metalurxia” e “industria da alimentación”. Polo outro extremo, mellorando o diferencial, destacan a “confección de roupa de vestir” e “outras industrias extractivas”.

### 3. Índices por comunidades autónomas

Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes de decembro moveuse entre o -20,9% de Murcia e o 20,3% de Extremadura. Ademais da devandita, presentan variacións interanuais superiores á media estatal: Canarias (3,8%), Madrid (3,0%), Castilla - La Mancha (1,7%), Galicia (-1,0%), Cataluña (-1,6%) e Illes Balears (-2,6%).


IPI Decembro 2022  
Taxas de variación en %



No conxunto do 2022, o IPI aumentou en trece comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexistráronse en Illes Balears (13,6%), Madrid (5,6%) e Aragón (5,1%). As comunidades con caídas foron Castilla y León (-3,0%), Galicia (-1,5 %), Cantabria (-1,3%) e Asturias (-0,5%).

#### 4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra.



#### Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

## Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Decembro 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		REPERCUSIÓNS (%)	
		INTERANUAL	MEDIA 2022	INTERANUAL	MEDIA 2022
Galicia					
Xeral	101,6	-1,0	-1,5	--	--
Bens de consumo	100,2	-17,2	1,4	-4,6	0,4
Bens de equipo	101,2	15,2	3,1	3,4	0,7
Bens intermedios	91,9	-17,3	-5,1	-4,7	-1,5
Enerxía	112,3	20,9	-6,0	5,0	-1,2
España					
Xeral	96,7	-3,4	2,4	--	--
Bens de consumo	98,2	-2,1	3,4	-0,6	0,9
Bens de equipo	106,4	4,8	5,8	1,1	1,3
Bens intermedios	87,7	-9,2	-1,9	-2,7	-0,6
Enerxía	97,3	-5,7	4,1	-1,3	0,8

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Decembro 2022

Ramas	VARIACIÓNS (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	Media 2022	Repercusión	
Total	-1,0		-1,5		
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	25,5	4,7	-10,7	-1,6	22,3
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	23,9	2,5	-1,0	-0,1	13,1
Outras industrias extractivas	21,8	0,8	43,3	0,8	1,1
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	11,6	0,4	11,8	0,3	2,0
Reparación e instalación de maquinaria e	13,3	0,3	4,4	0,1	4,1
Industria química	16,1	0,2	11,0	0,2	1,5
Fabricación de material e equipamento eléctrico	8,5	0,1	-17,7	-0,2	1,4
Fabricación doutro material de transporte	6,8	0,1	-10,5	-0,1	2,0
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	-0,3	0,0	-5,3	-0,1	2,5
Outras industrias manufactureiras	-23,0	-0,2	6,3	0,0	0,5
Industria téxtil	-28,7	-0,2	-8,3	0,0	0,6
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	-3,8	-0,3	1,2	0,1	7,7
Fabricación de mobles	-10,7	-0,3	14,7	0,3	1,1
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-10,2	-0,3	9,9	0,3	2,6
Fabricación de bebidas	-9,4	-0,4	7,7	0,3	3,5
Industria do papel	-32,8	-0,8	-26,6	-0,6	2,2
Industria da alimentación	-10,2	-1,5	-5,6	-0,9	13,2
Confección de roupa de vestir	-35,6	-1,7	17,1	1,1	4,1
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	-36,5	-1,8	1,6	0,1	3,6
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	-59,9	-2,7	-29,0	-1,4	5,1
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*

Fonte: INE

(\*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Decembro 2022

CCAA	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	MEDIA 2022
España	96,7	-3,4	2,4
Galicia	101,6	-1,0	-1,5
Andalucía	92,9	-7,2	4,3
Aragón	89,9	-6,5	5,1
Asturias	93,1	-13,0	-0,5
Baleares (Illes)	76,1	-2,6	13,6
Canarias	94,2	3,8	4,3
Cantabria	96,8	-7,1	-1,3
Castilla - La Mancha	100,7	1,7	5,0
Castilla y León	84,7	-7,3	-3,0
Cataluña	95,7	-1,6	0,6
Comunitat Valenciana	101,7	-4,5	2,4
Extremadura	93,0	20,3	1,5
Madrid	112,7	3,0	5,6
Murcia	95,1	-20,9	1,6
Navarra	100,0	-5,1	3,3
País Vasco	88,4	-4,8	4,3
Rioja (La)	73,4	-3,7	2,4

Fonte:INE